	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CAA</li> </ul>

	consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CSC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>

	principais trazos característicos	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CD</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> <li>● CCEC</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>● LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● CCL</li> </ul>

### 3. Obxectivos

Os obxectivos específicos que establece a lei para a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado ofrecémolos nos cinco bloques de contidos que seguen:

Comunicación oral: escoitar e falar

- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e axeitado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais e mais asimilando estratexias para a resolución de conflitos.
- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.

Comunicación escrita: ler e escribir

- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e axeitado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Utilizar eficazmente a lingua (escrita) na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expor textos propios do ámbito académico.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

Coñecemento da lingua

- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.
- Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos, e mais para escribir con adecuación, coherencia e corrección.

Lingua e sociedade

- Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual; facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que

supoñen xuízos de valor ou prexuizos clasistas, racistas ou sexistas.

- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen atrancos para a súa utilización en calquera contexto e situación.

#### Educación literaria

- Formarse como lectores e lectoras cultos e competentes.
- Achegarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos históricos e culturais.
- Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

## 4. Temporalización

En boa medida seguirase a orde proposta secuenciadora da programación que figura no libro de texto, pero nalgúns bloques de contido poderanse introducir modificacións:

**Primeiro trimestre:** unidades 1-3

**Segundo trimestre:** unidades 4-6

**Terceiro trimestre:** unidades 7-9

## 5. Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Competencia para delimitar o tema principal dun texto e para realizar a súa valoración crítica.
- Facultade para redactar con fluidez e coherencia, sen faltas de ortografía e facendo un uso correcto dos signos de puntuación.
- Capacidade para expresarse oralmente nun galego correcto e ricaz, sen interferencias lingüísticas do castelán.
- Coñecer e usar as estratexias do diálogo construtivo para a resolución dos conflitos entre as persoas.
- Coñecer as características dos distintos tipos de texto (solicitudes, narración, descrición, diálogo, exposición, texto xornalístico, texto publicitario) e ser quen

de produciilos.

- Capacidade para identificar as clases de palabras e realizar a súa análise morfolóxica.
- Coñecer as distintas etapas e autores da literatura galega dos séc. XX-XXI.
- Coñecer as figuras retóricas máis importantes e ter capacidade para usalas en textos propios.
- Lectura de, polo menos, tres obras literarias en galego.
- Dominio do vocabulario visto na aula.

## **6. Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado**

1. Un exame como mínimo por avaliación.
2. Unha proba escrita, oral ou un traballo en cada avaliación, para comprobar que se leu algunha obra literaria en galego. Os títulos dos libros serán seleccionados polo profesorado. Cada alumno/a debe ler obrigatoriamente, como mínimo, un libro por trimestre.
3. Traballos específicos por avaliación.
4. Presentacións ou traballos orais
5. Tarefas diarias da clase.
6. Actividades que se vaian propondo para a casa: exercicios do libro de texto e das copias que se vaian entregando, redaccións...
7. Outras tarefas voluntarias.

## **7. Concrecións metodolóxicas**

As clases desenvolveranse botando man da seguinte metodoloxía:

- Utilización o manual Netex-Smart da plataforma E-Dixgal.
- Uso desta plataforma, na que se lle porá ao dispor do estudantado actividades, material de reforzo, explicacións, vídeos...
- Preparación de actividades específicas.
- Manexaremos a prensa na aula cando así sexa considerado polo profesorado.
- Procurarase que a aula funcione como un obradoiro de expresión, con dúas vertentes: por unha banda, a expresión escrita, co gallo de favorecer no alumnado a



descuberta do seu propio potencial imaxinativo e o pracer por escribir; e por outra banda, a expresión oral: na vida diaria as actividades lingüísticas que máis se usan son as orais (no 45% das situacións comunicativas dedicámonos a escoitar, no 30% a falar, no 16% a ler e no 9% a escribir).

## **8. Materiais e recursos didácticos**

De seguido ofrecemos algún dos materiais e recursos que empregaremos na aula:

- Plataforma E-Dixgal e uso de manual de referencia de Netex-Smart.
- Material fotocopiado achegado polo profesorado para completar aspectos de interese para o alumnado ou que cumpra reforzar e/ou ampliar.
- Xornais.
- Libros de lectura.
- Dicionarios e enciclopedias.
- Presentacións en Power point.
- Vídeos
- Plataforma Gsuite de uso interno do centro ou aula virtual do centro.

## **9. Sistema de cualificación**

A nota da/do estudante en cada avaliación será o resultado de calcular a media entre o/s exame/s escrito/s e o/s traballo/s (cun peso do 70% sobre a nota global) e o resto de tarefas obrigatorias (cun peso do 10% : traballo da aula, na casa, de diversa afondeza), proba de lectura (10%) e oralidade (10%).

O estudante que obteña de media unha cualificación igual ou superior a 5 terá a avaliación aprobada.

Non se farán recuperacións das probas escritas ao longo do curso, mais poderá haber unha proba final no mes de xuño na que cada alumno/a poderá recuperar a avaliación ou avaliacións que non superase. Ademais, dende a terceira avaliación ata a avaliación ordinaria establécese un período de recuperación e reforzo que se desenvolverá vía probas escritas ou traballos desenvolvidos na aula ou na casa, segundo o criterio da docente. A idea é adaptar o sistema de avaliación ás características de cada estudante con vistas de axudarlle a sacarlle o maior proveito posible ó seu traballo, esforzo e afán de superación das súas posibles eivas persoais, focando os seus talentos individuais.

## **10. Plan de reforzo e recuperación**

Durante o mes de xuño imos desenvolver un plan de recuperación dos contidos mínimos para a superación da materia no caso daquel estudantado que non alcanzara na media global dos tres trimestres un 5. Tamén será de utilidade para o estudantado que a superase con vistas de reforzar e afondar nos contidos mínimos para o próximo curso.

## **11. Alumnado coa materia pendente**

A finais do mes de outubro manterase unha xuntanza co alumnado dos diferentes cursos que ten a materia de Lingua Galega pendente. Proporase a entrega dun dossier de tarefas que, de entregalo nos prazos que se establezan, será tido en conta positivamente á hora de puntuar e permitirlle ao alumnado presentarse a unha proba escrita que establecerá o Departamento a comezos do mes de febreiro. No caso de que a cualificación non sexa a de aprobado, o estudante sempre terá a oportunidade de se presentar aos exames extraordinarios para pendentes que se desenvolverán no mes de abril. O Departamento informará de todo isto as/os titoras.

Para o desenvolvemento deste plan terase en conta o plan de recuperación individualizado elaborado polas docentes e o profesorado titor do curso anterior.

## **12. Deseño de avaliación inicial e medidas de atención á diversidade**

A través de distintos exercicios avaliaremos o nivel de competencia en lingua Galega.

Logo desta análise, se os resultados non son os correspondentes ao nivel de lingua esperado para un estudante medio de 4º de ESO, e dada a natureza da materia e os contidos previstos para o curso, deseñaranse un conxunto de exercicios axeitados que traballen de xeito individual os aspectos máis deficitarios detectados. Ademais, considerarase especialmente esta situación na proposta durante o curso de actividades e tarefas.

Aplicaranse, tamén, as medidas tomadas na sesión de avaliación inicial, contando coa colaboración do Departamento de Orientación e o profesorado de Pedagogía Terapéutica. A actitude da docente na materia de Lingua Galega e Literatura será de permanente alento para que o estudantado que precise máis tempo para a asimilación de conceptos e procedementos persevere e non se veña abaixo diante das dificultades.

De por parte, as tarefas voluntarias e os traballos específicos poden servir tamén para que o estudantado con alta capacidade poida desenvolver todo o seu talento e manter a motivación pola materia.

## **13. Concreción dos elementos transversais**

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde

todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Un dos obxectivos básicos no ensino da materia de Lingua Galega e Literatura é a consecución de individuos capaces de integrarse e participar activamente e con espírito solidario na mellora da sociedade galega.

Consecuentemente, entendemos que as nosas estudantes deben ser quen de cuestionarse, e teñen a necesidade de atopar mecanismos de resolución de problemas que existen no mundo e na realidade que os envolve. As nosas alumnas e alumnos deben procurar estratexias que lles permitan en cada momento a toma de decisións ante os máis diversos problemas.

Pensamos, ademais, que o ensino en xeral e o ensino de lingua galega e literatura, en particular, debe buscar o desenvolvemento dunha autonomía intelectual e socio-moral do estudantado que terá que ser quen de detectar as súas fortalezas e carencias na aprendizaxe, tendo en conta que precisan ampliar as competencias adquiridas en anos anteriores. Búscase, en última instancia, a formación de individuos que sexan quen de entender a aprendizaxe como un proceso a longo prazo, necesario e continuado ao longo de toda a vida.

Finalmente, non podemos esquecer que a consolidación das habilidades lingüísticas trae aparellada unha maior facilidade á hora de enfrontarse a novos procesos de aprendizaxe, pois ao dominar estas destrezas, o estudantado resolverá os procesos cognitivos complexos de produción e comprensión de calquera área do currículo escolar. Entendemos, a partir de aquí, a transversalidade como forma de relacionar os contidos da nosa disciplina cos doutras, considerando os valores e actitudes implícitos neses contidos. Buscamos, xa que logo, unha maior unidade na educación global dos estudantes galegos que deben converterse en suxeitos activos e consciente nunha sociedade civil plural, democrática e europea.

Pola natureza da materia, tanto para o ámbito de lingua (tipoloxía textual) como para o de literatura (análise textual), manéxanse distintos e numerosos textos escritos e material audiovisual que se han peneirar baixo o criterio de que aborden temas para a educación en valores.

Amais, o libro de texto escollido para este curso contén unha escolma de textos de lectura e reflexión entre os cales se atopan temas como a educación para a igualdade entre os sexos, a tolerancia, o respecto, a convivencia, a emigración, a saúde, os sentimentos, a transmisión de estereotipos na publicidade, interculturalidade, etc., con anotacións e propostas propias sobre este asunto.

## **14. Actividades complementarias e extraescolares**

A nosa intención é que o ano lectivo vaia alén da aula. Para iso tentaremos que o alumnado

asista a actividades específicas e encaixables no seu curriculum –exposicións, representacións teatrais, encontros con voces da nosa literatura...- que programen as diferentes institucións culturais para coñecer diversas mostras da cultura galega.

Ademais, será alentado a participar activamente nas actividades que se desenvolvan ao redor da Biblioteca e do Equipo de Dinamización Lingüística (poesía para o Día da Paz, coplas para o Entroido, Semana do Libro, Semana das Letras Galegas, etc.).

Todas estas propostas inclúense na relación de actividades que o Departamento achega á Vicedirección.

## **15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas ne relación cos resultados académicos e procesos de melloras, tamén da práctica docente**

Os criterios utilizados no instituto para avaliar a programación son os seguintes:

1. Adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
2. A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a busca de solucións. As ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
3. O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75 % procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se dá conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os resultados desta avaliación será obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

## **16. Publicidade ao alumnado e responsables legais**

Para facilitarlles o coñecemento da Programacións Didácticas elaboradas por cada un dos departamentos do IES Ribeira do Louro ao conxunto da comunidade educativa e en particular ao alumnado e ás súas familias, o centro pon a disposición da mesma as seguintes opcións:

Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), todas as programacións dos departamentos didácticos están a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a

súa titoría legal na Secretaría do Centro.

Ademais, todas as programacións son publicadas na páxina web do centro que, neste aspecto, é actualizada anualmente.

Cada departamento realiza unha presentación de materia, segundo o modelo materia módulo, na que se recollen os aspectos máis destacados da programación, tales como son os contidos temporalizados por avaliacións así como os materiais e instrumentos de avaliación por nivel e materia. Esta información sobre a materia seralle presentada a cada grupo por parte da ou do docente responsable segundo o formato que considere oportuno.

## 2º de BACHARELATO

### Índice

1. Introducción.....	1
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	2
3. Obxectivos.....	7
4. Temporalización.....	8
1º TRIMESTRE.....	8
2º TRIMESTRE.....	9
3º TRIMESTRE.....	11
5. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	12
6. Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado.....	13
7. Concrecións metodolóxicas.....	14
8. Materiais e recursos didácticos.....	14
9. Criterios sobre a avaliación e a cualificación.....	15
10. Alumnado coa materia pendente.....	15
11. Deseño da avaliación inicial e medidas de atención á diversidade.....	16
12. Concreción dos temas transversais.....	16
13. Actividades complementarias e extraescolares.....	16
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de melloras, tamén da práctica docente.....	17
15. Publicidade ao alumnado e responsables legais.....	17

### 1. Introducción

A lingua, en termos xerais, é un instrumento de comunicación e de interacción social, e sérvenos fundamentalmente para estar no mundo e participar del. Grazas a ela, tamén podemos pensar e relacionar, manifestar dúbidas, emocións e opinións; por medio da lingua creamos, conservamos e transmitimos coñecemento, imos construíndo unha forma de vida e pensamento, e conformando un patrimonio cultural.

Neste marco, a formación do alumnado en lingua galega percíbese necesaria para a comunicación e o desenvolvemento persoal no ámbito intelectual e na vida social e profesional. Ao mesmo tempo, a adquisición da competencia comunicativa en galego posibilita a madurez de pensamento e a obtención de ferramentas de cara a posibles usos creativos e lúdicos da lingua, o que permite achegar a persoa ao patrimonio literario e cultural da comunidade.

A sociedade moderna esixe, cada vez máis, o dominio das destrezas comunicativas básicas. Visto que a lingua é un instrumento fundamental de poder e de liberdade, quen se sabe expresar correctamente, quen coñece en todo o momento o significado exacto das palabras e é quen de comunicar o seu pensamento dunha maneira clara e precisa, convértese nunha persoa dificilmente manipulable.

Así pois, a finalidade principal deste ámbito debe ser acadar o dominio da lingua galega na súa vertente oral e escrita, alén de perseguir que o estudante asimile as estratexias de comunicación que o poidan axudar nas súas relacións cos demais a resolver os conflitos dun xeito construtivo. Traballar as competencias básicas de comprensión (entende e le) e expresión

(escribe e fala) para o nivel de bacharelato, e realizar análises críticas de textos debe ser unha actividade esencial no noso ámbito. Á par, promoverase a lectura como fonte de pracer e de ampliación de experiencias, así como a posibilidade de utilizar as obras que se vaian traendo á clase como modelos para estimular a creación literaria entre os propios alumnos e alumnas.

Terase presente tamén a senlleira situación social que vive o galego, polo que unha meta esencial debe ser traballar para a eliminación dos posibles prexuízos lingüísticos sobre o idioma galego, de cara a gañar novos falantes conscientes para a lingua propia de Galiza.

Finalmente, é preciso asegurar a coordinación do profesorado de lingua galega co que imparte as outras linguas no centro. Faise preciso buscar a complementariedade nas programacións e evitar repeticións innecesarias dos aspectos máis teóricos e o uso de terminoloxías diverxentes para se referir aos mesmo fenómenos, causa de bastante confusión entre o alumnado. Sobre todo hai que procurar o xeito de rendibilizar os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o estudantado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas. Lembremos que o "currículo integrado das linguas" aparece como un aspecto salientado no Decreto publicado no DOG do 29 de xuño de 2015.

## **2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave**

A través dos contidos, lecturas e actividades propostas ao longo do curso búscase que o alumnado traballe as distintas competencias:

### **COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).**

- Recoñecer o diálogo como ferramenta primordial para a convivencia e estar disposto ao diálogo crítico e construtivo.
- A comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula.
- A expresión oral e a expresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisas e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.
- A adquisición de habelencias que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos.

### **COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).**

- Presente naquelas unidades, lecturas e traballos en que se inclúen textos relacionados co medio e a ciencia.

### **COMPETENCIA DIXITAL (CD).**

- Utilización de ferramentas en soportes variados para mellorar as habelencias de obtención de información, para solicitar información ou mesmo para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación: dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias, xornais dixitais, bibliotecas virtuais...
- Adquisición dos coñecementos axeitados para peneirar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar a información co fin de transformala en coñecemento.

#### APRENDER A APRENDER (CAA).

- Perfeccionamento da lectura comprensiva.
- Organización das ideas mediante resumos e esquemas.
- Interpretación correcta das informacións lingüísticas dos dicionarios.
- Valoración da lectura e a escrita como fontes de arriquecemento propio.

Cómpre ademais apuntar que ao rematar o Bacharelato o nivel de coñecementos adquiridos é validable polo certificado de Lingua Galega CELGA 4, que se corresponde co nivel C1 que fixa o marco europeo común de referencia.

Imos agora referir os contidos en relación aos estándares de aprendizaxe nos diferentes bloques de coñecemento

Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar	
§§ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	§§ B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.
§§ B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	§§ B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).
§§ B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).	§§ B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.
§§ B1.4. Desenvolvemento das habilidades de <b>escoita activa</b> , cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	§§ B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
§§ B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	§§ B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.



§§ B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	§§ B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
§§ B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	§§ B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.
§ B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	§§ B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
§§ B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en	§§ B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro
§§ B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	§§ B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.
§§ B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	§§ B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

Bloque 2. Comunicación e s c r i t a. L e r e e s c r i b i r

§§ B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.	§§ B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
§§ B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados	§§ B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.
polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.	controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.
§§ B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	§§ B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.
§§ B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC.	§§ B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.
§§ B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.	§§ B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.
<b>Bloque 3. Funcionamento da lingua</b>	
§§ B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.	§§ B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.
§§ B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia.	§§ B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.
§§ B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.	§§ B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.
§§ B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.	§§ B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.
§§ B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.	§§ B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.
§§ B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	§§ B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

§§ B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	§§ B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
<b>Bloque 4. Lingua e sociedade</b>	
§§ B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. §§ B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	§§ B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.
§§ B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega. §§ B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos.	§§ B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.
§§ B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	§§ B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.
§§ B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	§§ B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.
§§ B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	§§ B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
§§ B4.8. A evolución da conciencia lingüística.	§§ B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.
<b>Bloque 5. Educación literaria</b>	
§§ B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: –Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. –Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. –Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	§§ B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936: –Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. –Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. –Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.
§§ B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	§§ B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.

<p>§§ B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>–Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</li> <li>–Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</li> <li>–Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</li> </ul>	<p>§§ B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>–Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.</li> <li>–Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.</li> <li>–Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.</li> </ul>
<p>§§ B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	<p>§§ B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>
<p>§§ B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>–Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</li> <li>–Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</li> <li>–Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</li> </ul>	<p>§§ B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>–Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</li> <li>–Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</li> <li>–Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.</li> </ul>
<p>§§ B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	<p>§§ B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>
<p>§§ B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.</p>	<p>§§ B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.</p>

### 3. Obxectivos

A seguir, indicamos os obxectivos específicos para o 2º curso de bacharelato:

1. Comprender o contido e a intención comunicativa de textos orais, escritos e audiovisuais de diferente tipoloxía.
2. Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
3. Desenvolver habilidades de escoita con interese e respecto.
4. Expoñer oralmente textos de diversa tipoloxía.
5. Usar correctamente de xeito oral e escrito a lingua galega e valorala positivamente.
6. Planificar, realizar e corrixir as propias producións.
7. Analizar textos de todo tipo aplicando as regras de análise textual ou comentario crítico.

8. Identificar as clases de palabras e recoñecer e aplicar regras lingüísticas na análise morfosintáctica.
9. Coñecer a fonética e fonoloxía do galego.
10. Buscar e seleccionar información coa axuda das TIC.
11. Coñecer os principais conceptos de sociolingüística.
12. Coñecer a historia social da lingua desde 1916 ata a actualidade en todos os seus ámbitos e funcións de uso.
13. Coñecer e valorar a existencia de estereotipos e prexuízos lingüísticos e a súa repercusión nos usos.
14. Coñecer a historia da variedade estándar e identificar as interferencias lingüísticas e as desviacións da norma
15. Coñecer a literatura galega desde 1916 ata a actualidade e comentar textos literarios.
16. Ler comprensivamente, analizar e comentar textos literarios do século XX e da actualidade.

## **4. Temporalización**

A materia de Lingua galega en 2º BACH conta con 3 sesións á semana, o que significa unhas 30 sesións por avaliación. Non se esixirá ningún libro de texto obrigatorio. A totalidade de temas e actividades subiranse á páxina web do instituto, nun sitio chamado *Moradía O Louro (Bacharelato II)*, de libre acceso tamén ao alumnado e profesorado doutros centros educativos de Galicia. Velaquí a distribución de contidos por trimestres:

### **1º TRIMESTRE**

#### **LINGUA E TEXTO (C. ORAL E ESCRITA, FUNCIONAMENTO DA LINGUA)**

- Para mellorar a corrección lingüística. Análise dos principais erros do alumnado de 2º Bacharelato no exercicio de redacción que serviu de avaliación inicial: interferencias, repeticións de palabras, ortografía e signos de puntuación.
- Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica
- As conxuncións
- Os conectores textuais
- Adverbios e preposicións
- A colocación do pronome átono
- Lexico 1. Actividades para conseguir o emprego dun vocabulario ricaz, preciso e variado, e libre de interferencias
- Técnicas para mellorar a redacción: a planificación do texto: choiva de ideas e guión; a importancia do parágrafo. Que modelo de páxina seguir?

-Comentario de textos (poemas, narracións de ficción, textos ensaísticos, artigos de opinión sobre asuntos de actualidade): delimitación do tema ou idea central, e valoración persoal.

## LINGUA E SOCIEDADE

-Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

-O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

## LITERATURA GALEGA ENTE 1916 E 1936:

-Poesía de vangarda e outros autores

-Escolma de textos poéticos:

Vinte e un poemas de Cabanillas ("Himno de Acción Gallega", "Camiño longo", "A espada Escalibor", "O cabaleiro do Sant Grial", "O sono do Rei Artur", "Naceume unha flor no peito", "Deitouse a durmir o tempo", "O Rei tiña unha filla", "Rimas", "A peste a fame e a guerra"), Noriega Varela ("A brétema"), Manuel Antonio ("Excelsior", "Sós"), Amado Carballo ("A lúa", "Canción do temporal", "Taberna"), Cunqueiro ("Polos teus ollos quen pasou amiga", "No niño novo do vento"), Bouza Brey ("Quen dera ser nao senlleira"), Roberto Blanco Torres ("Poema do alfareiro").

Práctica: sinalar os temas de todos eles.

-Autores en prosa das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros autores

-Escolma de textos en prosa:

Sete textos narrativos de Castelao ("O pai de Migueliño", "O retrato"), Risco (Selección d' *Os europeos en Abrantes*, Selección d' *O porco de pé*), Otero (Selección de *Arredor de si*), Dieste ("Sobre a morte de Bieito", "O neno suicida"). Dous textos ensaísticos: Risco ("Da medida das cousas"), (Selección de *Teoría do nacionalismo galego*).

Práctica: sinalar o tema e as ideas centrais dos textos narrativos e ensaísticos.

-O teatro: autores das Irmandades, vangardas e Grupo Nós.

-Escolma de textos teatrais:

Catro retrincos teatrais de Cabanillas (*O Mariscal*), Risco (*O bufón de El-Rei*), Otero (*A lagarada*), Dieste (*A fiestra baldeira*)

Práctica: análise dos temas dos devanditos textos dramáticos.

Vídeo da representación d' *O bufón de El-Rei* realizada polo alumnado do centro.

## 2º TRIMESTRE

## LINGUA E TEXTO (C. ORAL E ESCRITA, FUNCIONAMENTO DA LINGUA)

-Para mellorar a corrección lingüística. Repaso e corrección dos principais erros lingüísticos das probas escritas realizadas durante o primeiro trimestre.

-Fonética e fonoloxía: a) Definición e identificación dos fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega; b) Transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.

-Semántica: identificar e explicar as relacións e unidades semánticas.

-Gramática: verbos, perífrases, infinitivo conxugado.

-Léxico 2. Actividades para conseguir o emprego dun vocabulario ricaz, preciso, variado e libre de interferencias.

-Técnicas para mellorar a redacción:

-O texto expositivo e argumentativo.

-Como imprimirlle brillantez a ese tipo de textos?: datos e cifras, exemplos, comparanzas, citas de autores, experiencias persoais, figuras retóricas, contos e mitos clásicos. A formulación de preguntas. Práctica: análise de vídeos documentais para identificar os devanditos procedementos.

-Adecuación, coherencia e cohesión. Ollo á repetición de palabras e aos signos de puntuación.

-A variación do estilo, práctica de oracións relativas con preposición, a redacción das oracións substantivas

-Describir tipos de rexistro e analizar as súas manifestacións lingüísticas

-Comentario de textos: estrutura e análise formal (recursos estilísticos e características lingüísticas específicas).

#### LINGUA E SOCIEDADE

-O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

#### LITERATURA GALEGA ENTRE 1936 E 1975

-Poesía. Producción bélica e autores do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.

-Escolma de textos: Pimentel (Cunetas), Lorenzo Varela ("Compañeiros da miña xeración, mortos ou asasinados"), Luis Seoane ("Os emigrantes"), Aquilino Iglesia Alvariño ("Eu quero oír o teu silencio", "A mañá"), Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez (Ai, madre, o por quen eu choro), Uxío Novoneyra (Selección de Do Courel a Compostela e Os eidos), Xosé M<sup>a</sup> Díaz Castro ("Penélope"), Celso Emilio Ferreiro ("Eu en ti", "Irmáns", "Deitado fronte ao mar", "Agosto 1972", "Epitafio sen sartego", Manuel María ("Bando"), Antón Tovar ("Vivir é desvivir como arestora").

Práctica:

-A partir da selección de quince poemas breves do extraordinario libro de Celso Emilio *Cemiterio privado*, procurar que o alumnado encaixe os arquetipos humanos que figuran nos títulos cos epitafios correspondentes.

-Sinalar os temas de todos ou a maioría dos textos escolmados.

-Comentario literario completo do poema "Eu en ti".

-Prosa. Produción bélica e autores do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores dos primeiros 70.

Escolma de textos narrativos: Antón Alonso Ríos (Fragmentos d' *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte*), Ánxel Fole ("A cabana do carboeiro"), Cunqueiro (Fragmentos de *Merlín e Familia*, "Louredo de Hostes"), Blanco Amor (Fragmentos d' *A esmorga*), Méndez Ferrín ("O Suso"), Carlos Casares ("O xogo da guerra", "Monólogo"), Neira Vilas ("Ovellas").

Práctica:

-Sinalar os temas de todos ou a maioría dos textos escolmados.

-Comentario literario completo do texto narrativo "Louredo de Hostes".

-A esmorga

-Comentario de texto.

-Visualización da adaptación teatral.

-Debate: Ata que punto as circunstancias nas que vivimos ou nos criamos determinan o noso modo de actuar? Somos realmente as persoas seres libres e donas do noso destino?

-Texto ensaístico de Luís Seoane sobre o compromiso do escritor. Fixar unha posición tendo en conta tamén as opinións sobre o tema do pensador Jean-Paul Sartre. Para iso convidaremos o alumnado a ver antes un vídeo do programa de divulgación "Filosofía aquí y ahora", do profesor arxentino José Pablo Feinmann.

-Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.

Escolma de textos teatrais: Castelao (*Os vellos non deben de namorarse*), Roberto Vidal Bolaño (*Criaturas; Animalións*)

Práctica:

-Comentario literario completo dun retrinco d' *Os vellos non deben de namorarse* (lance terceiro, escenas II e III)

-Ver o vídeo desa escena representada polo alumnado.

-Ver o vídeo das escenas de *Criaturas* representadas polo noso alumnado.

### 3º TRIMESTRE

LINGUA E TEXTO (C. ORAL E ESCRITA, FUNCIONAMENTO DA LINGUA)



-Variedades dialectais

-Morfoloxía. Análise morfolóxica: tipos de morfemas, estrutura morfolóxica e procedementos de formación de palabras. Aplicar eses coñecementos para a mellora, comprensión e arriquecemento do vocabulario activo.

-Vocabulario 3.

-Desenvolver unha competencia comunicativa integrada: reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

Práctica: tradución ao galego de textos do castelán, inglés, francés e portugués.

### LINGUA E SOCIEDADE

-Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

-O galego, lingua en vías de normalización.

### LITERATURA GALEGA DE 1975 ATA A ACTUALIDADE

-Poesía: temas, xéneros e subxéneros, dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.

Práctica:

-Comentario literario completo de *Atópome coa testa contra o muro*, de Méndez Ferrín.

-Prosa: temas, xéneros e subxéneros e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.

Comentario literario completo de “Que non quede nada”, de Manuel Rivas.

-Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos principais autores dos 80, os 90 e o novo século.

Comentario literario completo dun retrinco d' *O Rei nu*, de Quico Cadaval e Cándido Pazó.

Ver os seguintes vídeos con anacos de pezas teatrais dos últimos anos: *Eurozone*, de Chévere; *Shakespeare para ignorantes*, de Quico Cadaval; *O pack salvaxe*, de Mario Iglesias

## 5. Grao mínimo de consecución para superar a materia

-Facultade para redactar con fluidez e coherencia, sen faltas de ortografía e facendo un uso correcto dos signos de puntuación.

-Capacidade para expresarse oralmente nun galego correcto e ricaz, sen interferencias lingüísticas do castelán e nun rexistro axeitado á situación.

-Competencia para comprender, resumir e sinalar as ideas principais dun texto, así como para realizar a súa valoración crítica.

-Coñecer as características dos distintos tipos de texto e ser quen de producilos.

-Coñecer as distintas etapas e autores da literatura galega dende comezos do séc. XX ata a actualidade, nos diferentes xéneros: poesía, prosa e teatro.

-Competencia para realizar un comentario literario completo: tema, estrutura, análise formal e valoración persoal.

-Competencia para analizar e describir a historia da lingua galega nas súas diferentes etapas, a construción da variedade estándar e mais os tipos de interferencias que afectan á nosa lingua.

-Coñecer a diversidade lingüística na Península e en Europa, e os conceptos de lingua oficial, minorizada e prexuízo lingüístico. Coñecer o grao de vitalidade da lingua galega nos diferentes sectores sociais.

-Coñecer as variedades do galego e dominar as *Normas* actuais.

-Saber definir e identificar os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega

-Saber analizar sintácticamente unha oración.

-Saber analizar morfoloxicamente unha palabra.

-Coñecer o vocabulario na aula e saber definir o significado dunha palabra.

-Lectura dun libro por trimestre, dentro do período de estudo (século XX e XXI).

## **6. Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado**

-Dous exames escritos por avaliación.

-Unha proba escrita en cada avaliación, para comprobar que se leron os libros marcados como obrigatorios en cada trimestre:

-*O porco de pé*, de Vicente Risco; e mais a entrevista a Ramón Otero Pedrayo que aparece en *Unha ducia de galegos*, de Víctor F. Freixanes.

-*A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, e mais a lectura de dúas entrevistas máis do libro anterior, de entre estes cinco autores: Blanco Amor, Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Carlos Casares.

-*Sacar a lingua é de mala educación*, de M. Núñez Singala (ensaio sociolingüístico).

-Realización dos exercicios que se vaian propondo na clase e para a casa.

-Traballo de investigación e/ ou exposición que reforce os contidos de avaliación.

-Actividades voluntarias: representación dunha obra teatral, realización dunha entrevista, e calquera outra actividade aberta ás suxestións do alumnado (dobrar diálogos dunha película, elaboración de curtametraxes, narración oral dun conto para o conxunto da clase...)

De ser preciso por imporse unha situación de tele-ensino, usaranse as ferramentas telemáticas que se empregaron durante o curso para, alén de continuar co desenvolvemento da materia, tamén avaliar o estudantado.

## **7. Concrecións metodolóxicas**

-Realización de actividades que axudan á comprensión dos contidos.

-Composición de textos, singularmente expositivos, ao redor de temas de actualidade.

-Aqueles clases que sexan precisas para a presentación xeral do tema (literatura, sociolingüística ou lingua), estarán acompañadas, no maior número posible de casos, de soporte ofimático: sexan presentacións, vídeos...

-Estudaremos individualmente os erros lingüísticos de cada alumno e elaboraremos actividades específicas para que os vaian corrixindo.

-Dedicaremos un tempo na clase á expresión oral.

## **8. Materiais e recursos didácticos**

- Materiais cargados na páxina web do instituto *Moradía O Louro*, de libre acceso á comunidade escolar.

-Aula virtual e a plataforma Gsuite aprobada polo claustro do noso centro. Esta será a vía pola que o alumnado entregará normalmente os seus traballos: composicións textuais, traballos de investigacións, esquemas... Tamén as correccións se lles entregará por esta vía, de maneira que sexa máis difícil a súa perda. Para que haxa unha asimilación real do uso destas plataformas, durante o mes de setembro faremos fincapé na creación ou mellora das habilidades do estudantado nelas.

-Prensa dixital

-Material fotocopiado.

-Libros de lectura.

-Presentacións en Powerpoint.

-Páxinas web de institucións que fornecen recursos: ILG, Centro Ramón Piñeiro...

-Recursos en liña: *Dicionario da Lingua Galega* (RAG), *Dicionario de Dicionarios*, *Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega*, *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, páxina d' *Ogalego.eu.*, Biblioteca virtual da literatura galega,

Biblioteca virtual de literatura universal en galego, proxecto *Galicia le* (bibliotecas públicas de Galicia).

-Manuais de gramática, dicionarios, monográficos de literatura, historias da literatura, manuais de sociolingüística.

## **9. Criterios sobre a avaliación e a cualificación**

A nota da estudante en cada avaliación será o resultado da nota do exame (cun peso mínimo do 75% sobre a nota global) e o resto de tarefas obrigatorias (cun peso máximo do 25%, segundo as tarefas finalmente propostas). Quen obteña de media unha cualificación igual ou superior a 5 terá a avaliación aprobada.

Observación final:

Na corrección dos exames, traballos e exercicios escritos aplicaranse os criterios establecidos pola CIUG para a os exames das ABAU (desconto de ata un máximo de 2 puntos):

-Erros moi graves: desconto de 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, incorrecta colocación dos clíticos...).

-Erros graves: desconto de 0'1 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...

-Erros leves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.

## **10. Alumnado coa materia pendente**

No mes de outubro manterase unha xuntanza co alumnado dos diferentes cursos que ten a materia de Lingua Galega e Literatura pendente. O alumnado coa materia pendente deberá realizar as probas de avaliación, ben de forma opcional en cada trimestre, ben de forma obrigatoria nos exames que se establecen en abril.

A materia esixida será a impartida no curso anterior e que se corresponde coas unidades explicadas e recollidas na memoria de fin de curso. Ademais, tamén se poderán realizar diversos traballos que sinalará o profesor. O cómputo global será, por tanto, a suma dos exames da materia mailos traballos (que nunca superará un valor do 25% da nota final). Para aprobar, a cualificación mínima será de 5.

## **11. Deseño da avaliación inicial e medidas de atención á diversidade**

O docente que lle imparte clase neste curso é o mesmo que o fixo no anterior, polo tanto, hai un coñecemento xa bastante afondado da diversidade da aula e das necesidades e fortalezas de cada alumna/o.

De tódolos xeitos, como pode haber alumnado novo e houbo un período vacacional longo, o primeiro día de clase o alumnado realizará unha serie de exercicios e unha proba de redacción e que nos achegará datos moi útiles para coñecer a competencia lingüística escrita do estudante na materia de lingua galega en múltiples aspectos (caligrafía, ortografía, puntuación, redacción, vocabulario, capacidade para resumir a liña argumental esencial dunha historia, etc.).

A actitude do profesorado será de permanente alento para que o estudantado que precisa máis tempo para a asimilación de conceptos e procedementos persevere e non se veñan abaixo diante das dificultades. Doutra beira, as tarefas voluntarias e os traballos específicos poden servir tamén para que os/as alumnos e alumnas con alta capacidade poidan desenvolver todo o seu talento. O alumnado que ao longo do curso suspenda algunha avaliación realizará, se se considera necesario, actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperarse ao longo do curso.

## **12. Concreción dos temas transversais**

Dado que traballaremos coa creación de textos expositivos ou argumentativos ó redor dun tema de actualidade, isto carretará investigar e reflexionar sobre o asunto escollido e dará a oportunidade de traer á aula unha gran diversidade de temas e afondar na súa análise: dereitos humanos, saúde, contaminación ambiental...

De por parte, nas lecturas dos múltiples textos que se vaian escolmando (poéticos, narrativos, ensaísticos) existirán moitas oportunidades para a educación en valores. Ademais, a partir dos debates podemos fomentar o respecto polas ideas dos demais e o interese polo debate como unha forma de aprendizaxe.

## **13. Actividades complementarias e extraescolares**

Procuraremos potenciar dende o comezo a participación do estudantado nas diferentes actividades que se desenvolvan no centro e nas que participa profesorado do noso departamento: grupo de teatro, radio escolar, mediación escolar, conmeracións especiais (Día da Paz, Monólogos para o Día Internacional da Muller),

participación nas dúas revistas que se publican no centro (*Órbita e Cadernos de Teatro*).

## **14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de melloras, tamén da práctica docente**

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Ribeira do Louro para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. As devanditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso, para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3. O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os resultados desta avaliación será obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

## **15. Publicidade ao alumnado e responsables legais**

Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), a programación do Departamento de Lingua galega e Literatura está na secretaría do centro a disposición do alumnado e das persoas ás que lles **corresponda** a súa titoría legal, e ademais será publicada na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>.

De por parte, o profesorado realizará na aula unha presentación da materia cos aspectos máis salientables da programación (contidos, instrumentos de avaliación, sistemas de cualificación...).

# Lingua Portuguesa

## Índice

1. Limiar.....	1
2. 2º de ESO.....	5
2.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	5
2.2. Obxectivos.....	13
2.3. Temporalización.....	14
2.4. Sistema de cualificación.....	24
3. 4º de ESO.....	24
3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	24
3.2. Obxectivos.....	33
3.3. Temporalización.....	33
3.4. Sistema de cualificación.....	41
4. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	41
5. Procedementos e instrumentos para superar a materia.....	43
6. Metodoloxía didáctica.....	44
7. Materiais e recursos didácticos.....	44
9.1. 2º de ESO.....	45
9.2. 4º da ESO.....	45
8. Alumnado coa materia pendente.....	46
9. Deseño de avaliación inicial e medidas de atención á diversidade.....	46
10. Programación de temas transversais.....	47
11. Actividades complementarias e extraescolares.....	48
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de melloras, tamén da práctica docente.....	49
13. Publicidade ao alumnado e responsables legais.....	49

## 1. Limiar

Neste curso 2022-2023 impártese a materia de Portugués 2ª Lingua Estranxeira dentro do departamento de Lingua Galega e Literatura.

O coñecemento do portugués inflúe na valorización positiva do galego e reforza a aprendizaxe do noso idioma e da súa historia, contribuíndo a depuralo de castelanismos. Non podemos esquecer, por outra parte, o forte vínculo que supón a base común do tronco

lingüístico galego-portugués, tanto no referente á Lingua como á Literatura, Historia, e Cultura, factores todos eles que nos unen ao que constitúe actualmente a Lusofonía.

A proximidade física do territorio portugués favorece a práctica e o uso da lingua que se vai estudar nas aulas. O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais do noso alumnado sobre todo pola proximidade de Portugal.

Cada vez son máis as empresas ou particulares de Galicia que traballan en Portugal, ou para o país veciño, e demandan profesionais coñecedores do seu idioma. Tamén o Eixo Atlántico e a creación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal contribúen a aumentar as relacións institucionais e de todo tipo entre os dous lados fronteirizos. Así, o alumnado galego é o mellor posicionado da UE para aprender portugués dada a súa proximidade territorial e lingüística. En pouco tempo pode acadar un nivel óptimo de portugués, polo que se constitúe nunha materia atractiva e útil para o alumnado e para o conxunto da sociedade galega.

O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais no Brasil, potencia emerxente que concentra 200 millóns de falantes. O portugués é lingua de traballo da UE, do Mercosul, da OEA e a Unión Latina entre outros organismos supra-estatais.

O portugués é falado por uns 220 millóns de persoas en catro dos cinco continentes (Europa, América, África, Asia) . Estáselle, daquela, a ofertar ao alumnado unha aprendizaxe moi útil para a súa vida de relación humana, cultural e laboral.

Trátase dunha programación de carácter elemental, nivel A1 para 1º de ESO, axustada aos contidos elementais da lingua para atinxir un nivel básico de oralidade e escrita en situacións cotiás da vida. Ao tempo, farase un achegamento á cultura da Lusofonía, tendo en conta as diferentes variedades e a pluralidade de comunidades e países que a integran. Este aspecto irá en aumento nos sucesivos cursos.

A metodoloxía será activa, utilizando todas as ferramentas ao noso alcance (textos, material audiovisual, Internet...) e tendo en conta as Competencias básicas que deben ser acadadas.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o alumnado realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas, ou identificar termos emparentados en todas as linguas (en maior medida no



caso do portugués), senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O dito anteriormente converte o portugués nunha vía estimable de eliminación de prexuízos arredor do galego, favorecida polo posicionamento deste como unha das linguas

maioritarias no contexto internacional (arredor de 200 millóns de falantes estendidos por todo o planeta), e conferíndolle, xa que logo, como se diría na lingua irmá unha “mais valia” á lingua galega que reforce a súa utilidade e estatus.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral

por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

As materias lingüísticas, e dentro delas, as linguas estranxeiras, perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de **Segunda Lingua Estranxeira** está organizada en **cinco bloques** que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da **competencia lingüística comunicativa** dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

## 2. 2º de ESO

### 2.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais			
a	B1.1. Uso de estratexias de	B1.1. Comprender preguntas	SLEB1.1. Comprende preguntas	CCL

c d i	<p>comprensión das mensaxes orais: e informacións relativas á básicas moi sinxelas e habituais</p> <p>Uso do contexto verbal e noninformación persoal e pública mo sobre asuntos persoais ou</p> <p>verbal, e dos coñecementos básica (identificación educativos (información básica de</p> <p>previos sobre a situación (quen persoal, gustos, etc.), carácter persoal, solicitudes de</p> <p>fala a quen, con que intencións, así como instrucións e peticións enderezo sinxelas a lugares moi</p> <p>onde e cando) que dan lugar a elementais relativas a coñecidos, etc.) sempre que se</p> <p>inferencias do significado comportamento fale de xeito pausado e ben</p> <p>baseadas no contexto; e articulado, e se repita se o</p> <p>Uso dos coñecementos actividades na aula. necesita.</p>		CAA CCEC CD	
	<p>referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa información esencial, os puntos e finalidade (global e/ou específica)</p> <p>Identificación dos relevantes do texto: anticipación</p> <p>recursos lingüísticos ou temáticos do contido xeral do que se escoita</p> <p>adquiridos. con axuda de elementos verbais e</p> <p>Inferencia do significado probablenon verbais, e uso dos</p> <p>das palabras ou das frases coñecementos previos</p> <p>que sobre a situación (quen fala a</p> <p>descoñece, a partir do contexto quen, con que intencións, onde e</p> <p>e cando) que dan lugar a inferencias</p> <p>das do significado baseadas no</p> <p>experiencias contexto, e as experiencias e os</p> <p>e coñecementos transferidos desde</p> <p>os coñecementos as linguas que coñece.</p> <p>transferidos desde as linguas que</p> <p>coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión máis salientables de</p> <p>parcial ou vaga nunha situación mensaxes orais sinxelas e moi</p> <p>básicas (por exemplo, onde e</p> <p>cando ocorre algo, seguir</p>	<p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir</p>	<p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida</p>	CCL CAA CCEC CD
	<p>comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da identificación persoas que posúen</p> <p>comprensión oral, reescoitando o algo, obxectos e lugares descritos</p> <p>texto gravado ou solicitandocun vocabulario básico, etc.)</p> <p>repetición ou reformulacións do emitidas cara a cara, gravadas ou</p> <p>dito. en soporte multimedia, sobre</p> <p>B1.4. Memorización de expresións situacións habituais de</p> <p>orais breves significativas comunicación, se se fala moi</p> <p>(saídos, despedidas, amodo e con moita claridade.</p> <p>consignas de aula, preguntas B1.4. Comprender o esencial en</p> <p>sobre idade, orixe, etc.). conversas moi básicas e breves</p> <p>sobre temas cotiáns habituais e de</p> <p>necesidade inmediata, previamente</p> <p>traballados, relativos ao ámbito</p> <p>persoal e público moi elemental,</p> <p>sempre que se fale con lentitude,</p> <p>articulando de forma clara e</p> <p>comprensible.</p>	<p>instrucións ou indicacións,</p> <p>volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	CCL CAA CCEC CD	
	Bloque 2. Produción de textos orais			

a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e lingüísticos asimilados e</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e elementos (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais</p>	<p>CSIEE</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>
	<p>memorizados.</p> <p>– Expresión da mensaxe conservando claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p>	<p>básicos persoais e bens relacionados coa xestión de servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas habituais sobre estes datos.</p>	<p>relacionadas coa xestión de transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a</p>	<p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</li> <li>– Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Modificación de palabras de significado parecido.</li> <li>– Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</li> <li>– Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</li> <li>– Petición de axuda.</li> <li>– Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</li> <li>– Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>		<p>un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
	<p>(acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</li> </ul> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.</p>			
	<p>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</p>			

a c d i	B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentidos xeral, información esencial, puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos lingüísticos e paratextuais, do	B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos imaxes, organización transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas. B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender consignas necesarias para avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual. B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e	SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afectións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre	CCL CD CAA CSIEE CCL CAA CCEC CCL CAA CCEC CD
	coñecemento e as experiencias noutras linguas. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.	experiencias propias da súa idade de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens e servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.	temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos da súa idade e á súa experiencia.	
	Bloque 4. Producción de textos escritos			
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Procesos fonolóxicos máis básicos.</li> <li>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</li> </ul> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> </ul> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</li> <li>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que</p> <p>B5.5. Participar en proxectos</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p>

	<p>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e</p>	<p>(elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>		
--	---	---	--	--

<p>advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p> <p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p>			
---	--	--	--

	B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.			
--	---	--	--	--

## 3.2. Obxectivos

Adquirir o capacidade de desenvolver estruturas sintáctico- discursivas de:

Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición /concesión (*mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que*); comparación (*mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*); superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes).

Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, até que, sempre que*).

Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersonais).

Exclamación (formas elípticas: *Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia tão lindo!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!*.

Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém*), nem.

Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?*); interrogativas tag (p. ex., *Isto é fácil, não é?*); interrogativas eco).

Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto*); presente (*presente*); futuro (*futuro simple; (+Adv.); haver-de*).

Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger.*); habitual (tempos simples (+ Adv.); *costumar+ Inf.*); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.*); terminativo (*pretérito perfeito simples composto e pretérito mais-que-perfeito composto; vir de + Inf.*).

Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez*); *necessidade* (ser preciso / *necessário + Inf.*); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo*); *permissão* (*poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (*não*) ser possível /*permitido + Inf.*); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.*).

Expresión da existencia (p. ex., *existir, dar-se*); a entidade (substantivos contables /incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (*por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*).

Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais o menos*. Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*).

Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).

Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia*), divisións (p. ex., *período, fim de semana*) e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*); duración (p. ex., *até; entre... e*); anterioridade (*anteontem, já*); posterioridade (*mais tarde, na semana que vem*); secuencia (*em primeiro lugar, depois, em último lugar*); simultaneidade (*naquele momento*); frecuencia (p. ex., *cada semana*).

Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *á pressa*).

## 3.3. Temporalización

Os contidos organízanse en cinco blocos:

Bloco 1: Comprensión de textos orais.

Bloco 2: Produción de textos orais.

Bloco 3: Comprensión de textos escritos.

Bloco 4: Produción de textos escritos.

Bloco 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.

## **BLOCO 1. Comprensión de textos orais (TEMPORALIZACIÓN: transversal ao longo do curso)**

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.

## **BLOCO 2 (TEMPORALIZACIÓN: transversal ao longo do curso)**

Estratexias de produción:

Planificación:

- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.
- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa

Execución:

- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica.
- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.
- Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e



axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.

- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos:

Lingüísticos:

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.
- Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.
- Petición de axuda.

Paralingüísticos:

- Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.
- Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).
- Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.

- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

- Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.

### **BLOCO 3 (TEMPORALIZACIÓN: transversal ao longo do curso)**

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica,

selectiva, intensiva ou extensiva)

- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.

Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.

#### **BLOCO 4 (TEMPORALIZACIÓN: transversal ao longo do curso)**

Estratexias de produción:

Planificación:

- Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).
- Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.

Execución:

- Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facér

concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

–Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).

Revisión:

- Identificación de problemas, erros e repeticións.
- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).
- Reescritura definitiva.

## **BLOCO 5**

### **1<sup>eiro</sup> TRIMESTRE**

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.

- Sons e fonemas vocálicos.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos máis básicos.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.

### **2º TRIMESTRE**

Patróns gráficos e convencións ortográficas

- Uso das normas básicas de ortografía da palabra.
- Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: (**TEMPORALIZACIÓN:** transversal ao longo do curso)

- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións

interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.

- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.

Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.

Plurilingüismo: (**TEMPORALIZACIÓN:** transversal ao longo do curso)

- Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.

- Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

- Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.

- Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.

- Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.

- Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.

- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.

- Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do

discurso.

Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:

- Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.
- Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

### **Contidos sintáctico-discursivos**

#### **1<sup>eiro</sup> TRIMESTRE**

1. Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición /concesión (*mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que*); comparación (*mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*; superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes).
2. Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, até que, sempre que*).
3. Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersonais).
4. Exclamación (formas elípticas: *Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia tão lindo!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!*; *Magnífica bolsa!*).
5. Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém*), nem.
6. Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?*); interrogativas tag (p. ex., *Isto é fácil, não é?*); interrogativas eco).

## 2º TRIMESTRE (7 de xaneiro a 26 de marzo)

7. Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfecto, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto*); presente (*presente*); futuro (*futuro simple; (+Adv.); haver-de*).

8. Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfecto e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger.*); habitual (tempos simples (+Adv.); *costumar+ Inf.*); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfecto do indicativo; voltar a + Inf.*); terminativo (*pretérito perfeito simples composto e pretérito mais-que-perfeito composto; vir de + Inf.*).

9. Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; talvez*); *necessidade* (ser preciso / *necessário + Inf.*); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo*); *permiso* (*poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (não) ser possível /permitido + Inf.); intención (*pretérito imperfecto gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.*).

10. Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se); a entidade (substantivos contables /incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (*por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*).

## 3º TRIMESTRE (6 de abril a 22 de xuño)

11. Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais o menos*. Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*).

12. Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).

13. Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia*), divisións (p. ex., *período, fim de semana*) e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*); duración (p. ex., *até; entre... e*); anterioridade (*anteontem, já*); posterioridade (*mais tarde, na semana que vem*); secuencia (*em primeiro lugar, depois, em último lugar*);

simultaneidade (*naquele momento*); frecuencia (p. ex., *cada semana*).

14. Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *á pressa*).

### 3.4. Sistema de cualificación

<b>60%</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Contidos especificados anteriormente, avaliados a través de 2 parciais por avaliación que teñan nomeadamente en conta a adquisición dos contidos gramaticais e léxicos básicos, comprensión e expresión escrita e oral.</li></ul>
<b>30%</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 30% traballo diario na aula, oralidade, exposicións, traballos puntuais que se lle manden ao alumnado.</li></ul>
<b>10%</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• 10% probas ou traballo das lecturas</li></ul>

No período que vai entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria, poderase recuperar ou mellorar a nota media final vía exercicios, traballos ou unha proba na que se terán en conta os bloques 1 e 2, comprensión e expresión oral e escrita.

## 4. Grao mínimo de consecución para superar a materia

### Consecución de competencia mínima oral e escrita:

- ✓ Saúdos, presentacións, información básica de carácter persoal.
- ✓ Descrición e localización de lugares, petición de información sobre lugares, reserva nun hotel
- ✓ Preguntas e respostas das horas do día, as partes do día, os días da semana, os meses do ano, falar e escribir sobre comidas e bebidas, solicitude dunha consumición nun establecemento, os números .

- ✓ Dar e pedir informacións de carácter persoal ou profesional ou de ocupación do tempo libre. Falar sobre accións habituais no pasado
- ✓ Convites, aceptacións e rexeitamentos moi sinxelos, escritura dunha carta moi breve, conversación básica telefónica.
- ✓ Conversación sobre vacacións, pasatempos, compras, precios, visitas médicas, marcar una cita médica, descrições físicas e psicolóxicas moi sinxelas.
- ✓ Comprender anuncios publicitarios.
- ✓ Comprender informacións, instrucións, explicacións en diferentes áreas de servizo...
- ✓ Comprender a programación televisiva.
- ✓ Comprender noticias dun xornal.
- ✓ Comprender e deixar mensaxes nun contestador (atendedor de chamadas)
- ✓ Comprender entrevistas na prensa escrita ou nunha entrevista radiofónica.
- ✓ Comprender cartas de restaurante.
- ✓ Comprender artigos da prensa escrita.
- ✓ Expresar opinións.
- ✓ Contar o argumento dunha película.
- ✓ Formular preguntas que expresan dúbida.
- ✓ Reproducir o que dixo alguén.
- ✓ Aconsellar.
- ✓ Dar información básica sobre un problema de saúde.
- ✓ Comprar, cambiar, devolver, reclamar.
- ✓ Vocabulario básico da unidades: países, cidades, profesións, números, horas, ámbito escolar, tempo libre, medios de transporte, hábitos, roupa, tiendas, familia, establecementos comerciais...
- ✓ Aplicación de coñecementos gramaticais (verbos regulares e algúns irregulares en presente de indicativo, pronomes, preposicións e adverbios básicos, algunhas perífrases de moito uso, verbos irregulares en pretérito perfecto simple, pretérito imperfecto, infinitivo persoal, futuro imperfecto, condicional, pretérito perfecto composto de indicativo...)
- ✓ Coñecemento de aspectos culturais da lusofonía (países de fala portuguesa, número de falantes, trazos culturais moi xenéricos e destacables da lusofonía: música, deportes, gastronomía...)
- ✓ Realización cunha mínima corrección, adaptada ao nivel, de buscas de información



sobre temas diversos.

## **5. Procedementos e instrumentos para superar a materia**

### **ESCOITAR E FALAR**

Valorarase a participación na clase e a progresión na correcta pronuncia, e a aproximación ao *sotaque* portugués.

O instrumento para avaliar este apartado serán actividades propostas na clase, de expresión e de comprensión oral, que quedarán rexistradas no diario de aula e na ficha de seguimento individual do alumnado.

O alumnado realizará en cada avaliación, como mínimo, unha proba que incluírá exercicios de todas as destrezas. Nela valorarase a aprendizaxe de contidos mínimos na expresión de acontecementos da vida cotiá, co que se deberán demostrar destrezas de comprensión completando textos de todo tipo (cancións...), facendo lectura/s con pronunciación adecuada e mais monólogos ou conversas -

feitas en parellas/ grupos-, nas que se deberán demostrar unha mínima fluidez e un manexo axeitado do vocabulario.

### **LER E ESCRIBIR**

As probas correspondentes a este apartado versarán sobre os contidos desta programación e, o mesmo ca no apartado anterior, en cada avaliación o alumnado realizará, como mínimo, unha proba dividida en dúas partes: unha de comprensión e outra de expresión.

Os bloques de contidos 3 e 4 avaliaranse dentro das actividades orais e escritas propostas para os dous anteriores. Tamén se valorará o traballo individual e de grupo (realización de actividades fixadas para cada unidade, actividades de investigación, lectura...), a corrección das tarefas no caderno e a evolución na aprendizaxe.

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN XERAIS**

- Observación sistemática por parte do/a profesor/a
- Exercicios orais e escritos sobre as unidades traballadas
- Traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e a responsabilidade (data presentación dos traballos etc.).
- Traballos individuais e colectivos
- Controis trimestrais coincidindo coas tres avaliacións 6- Pequenas conversas fluídas.
- Lecturas

De non poder ser o ensino presencial ou semipresencial, utilizaranse as plataformas dixitais formuladas como ferramentas pedagóxicas para a avaliación da materia.

## 6. Metodoloxía didáctica

Metodoloxía activa e participativa baseada, principalmente, nas intervencións do alumnado ensaiando constantemente reproducir a lingua estudada, ben oralmente ou por escrito, con pautas e modelos ou mesmo sen eles, a través da repetición ou da creación propia.

Traballárase a oralidade a través da audición de diálogos, músicas, lecturas etc.; pero tamén da proxección de filmes, documentais e programas de televisión; e mais coa recreación de diferentes situacións comunicativas (o máis próximas á realidade).

Esta parte, que se corresponde co bloque 1, terá moita importancia. O bloque de contidos 2 traballárase con textos, relacionados ou non coas audicións, exercicios, lecturas, diálogos, buscas na rede...

## 7. Materiais e recursos didácticos

### MATERIAL COMÚN

*Dicionário básico ilustrado. Língua portuguesa.* Porto Editora Lda. O Porto 2002.

*Dicionário Espanhol-Português.* Porto Editora Lda. O Porto 2006.

*Dicionário Português-Espanhol.* Porto Editora Lda. O Porto 2006.

*Dicionário da Língua Portuguesa 2009.* Porto Editora Lda. O Porto 2008.

Falsos amigos (LIDEL)

Praticar português. Nível elementar. Helena Lemos (LIDEL)

Português atual 1: nível inicial, Marta Silva (Lidel)

Português atual 2 (algún exercicio, texto e audición): nível médio, Hermínia Malcata (LIDEL)

Gramática ativa I. (LIDEL)

Vamos lá começar (LIDEL)

Comunicar em português + CD Audio (LIDEL)

Cozinhar português. Aprenda português (LIDEL)

Recursos e enlaces na rede:

Corrector online FLIP: [www.flip.pt/fliponline/tabid/294/default.aspx](http://www.flip.pt/fliponline/tabid/294/default.aspx)

Dicionário de língua portuguesa: [www.priberam.pt](http://www.priberam.pt)

Instituto Camões: [www.instituto-camões.pt](http://www.instituto-camões.pt)

Língua Ativa: [www.linguativa.com.b](http://www.linguativa.com.b)

Linguateca: [www.linguateca.pt](http://www.linguateca.pt)

Lusocast: [www.lusocast.com](http://www.lusocast.com)

Português em Ferrol: [www.portugues-ferrol.blogspot.com](http://www.portugues-ferrol.blogspot.com)

Português para nós: [www.portuguesparanos.com](http://www.portuguesparanos.com)

Público: [www.publico.clix.pt](http://www.publico.clix.pt)

RTP: [www.rtp.pt](http://www.rtp.pt) (Falamos português, Cuidado com a língua...)

SAPO: [www.sapo.pt](http://www.sapo.pt)

SIC: [www.sic.pt](http://www.sic.pt)

Terra Brasil: [www.terra.com.br](http://www.terra.com.br)

TSF: [www.tsf.pt](http://www.tsf.pt)

Youtube Brasil: [www.br.youtube.com](http://www.br.youtube.com)

[duolingo](#)

[rtp ensina](#)

[EMPORT](#)

[PPPLE](#)

Vai ser fundamental o traballo con Edixgal, coa Aula Virtual e, no noso centro, coa plataforma Gsuite. P

### 9.1. 2º de ESO

Para o material didáctico iremos achegando material para a plataforma E-DIXGAL, a Classroom de Gsuite, ou material fotocopiable, acorde cos contidos a impartir, tanto para a base teórica como para a práctica de exercicios. Ademais, seguirase o manual *Passaporte para português + Caderno de Exercícios* (LIDEL)

#### Libros de lectura:

Algún dos libros seleccionados pertencer á colección Educação literária de Porto Editora, que reúne obras de lectura obrigatoria no Ensino Básico e no Ensino Secundário en Portugal.

- **O diário de um banana. Tirem-me daqui!.** Jeff Kinney. Ed. Booksmile Portugal  
**ISBN** 9789897071102
- **Puto normal.** Greg James e Chris Smith; Ilustração: Erica Salcedo. Edições Gailivro, Isbn: 9789892340050

### 9.2. 4º da ESO

Para o material didáctico iremos achegando material para a plataforma E-DIXGAL, a Classroom de Gsuite, ou material fotocopiable, acorde cos contidos a impartir, tanto para a base teórica como para a práctica de exercicios. Tamén nos apoiaremos eventual,mente nos

seguintes manuais:

- *Na onda do português 3 (LIDEL)*
- *Na crista da onda 4 (LIDEL)*

### **Libros de lectura:**

Algún dos libros seleccionados pertencer á colección Educação literária de Porto Editora, que reúne obras de lectura obrigatoria no Ensino Básico e no Ensino Secundário en Portugal.

- **O Diário de Anne Frank** - Diário Gráfico. ARI FOLMAN, DAVID POLONSKY, ANNE FRANK. ISBN: 978-972-0-04044-2

- **Contos Escolhidos de Oscar Wilde**; Tradução: Carla Maia de Almeida  
edição: Fábula, setembro de 2017

- **Portugal, uma viagem por Portugal continental**. Objecto Anónimo.

## **8. Alumnado coa materia pendente**

A finais do mes de outubro manterase unha xuntanza co alumnado dos diferentes cursos que ten a materia de Lingua Galega e Literatura pendente. Proporase a entrega dun dossier de tarefas que de entregalo nos prazos que se establezan, será tido en conta positivamente á hora de puntuar e permitiralle ao alumnado presentarse a unha proba escrita que establecerá o Departamento a comezos do mes de febreiro. No caso de que a cualificación non sexa a de aprobado, o estudante sempre terá a oportunidade de se presentar aos exames extraordinarios para pendentes que se desenvolverán no mes de abril. O Departamento informará de todo isto o profesorado tutor.

## **9. Deseño de avaliación inicial e medidas de atención á diversidade**

Debido a que a disciplina é de adquisición progresiva de coñecementos, de avaliación continua con base na comunicación oral e expresión escrita, á partida procederase a facer unha avaliación inicial baseada nunha revisión xeral de coñecementos con actividades orais e escritas, dirixida a todo o alumnado.

A diversidade dentro da aula refírese tanto aos modos de aprendizaxe como ás capacidades do alumnado. Cada alumno ou alumna é diferente e hai que ter en conta esa heteroxeneidade para desenvolver de forma eficaz as súas capacidades. Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito, os estilos de aprendizaxe dentro dun mesmo grupo son

distintos; de aí a importancia de variar tanto o tipo de actividades como as técnicas de ensino utilizadas. Cando o alumnado dun mesmo grupo presente un nivel de coñecementos excesivamente dispar, tratarase de lle dar solución a este problema por medio de actividades de diferentes niveis.

## **10. Programación de temas transversais**

Unha das vertentes dos obxectivos xerais da área é o desenvolvemento do pensamento crítico do individuo que adquirirá a súa verdadeira dimensión se o contextualizamos na realidade da sociedade. Así pois trataremos os temas transversais primarios nos obxectivos básicos dentro da nosa área, sempre englobados no marco máis xeral de interdisciplinabilidade. Estes temas básicos que estarán sempre presentes nas nosas aulas, independentemente daqueles que priorice no centro para cada curso son:

**CL:**Comprensión lectora

**EOE:**Expresión oral e escrita

**CA:** Comunicación audiovisual

**TIC:** Tecnoloxías da información e da comunicación

**E:** Emprendemento.

**ECC:** Educación cívica e constitucional

**IEHM:** Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

**PVX:** Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade

**PRPC:** Prevención e resolución pacífica de conflitos

**PI:** Principio de igualdade de trato e non discriminatorio por calquera condición ou circunstancia persoal e social (valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.)

**EEIE:** Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial

**EV:** Educación viaria

Os valores transversais arriba mencionados terán presenza constante nas actividades que desenvolven o currículo da materia de Lingua Portuguesa, de xeito que se aproveitará cada un dos contidos e as actividades correspondentes para promovelos ou poñelos en valor.

Alguns destes valores son inherentes á propia materia e forman parte de catro dos cinco

Bloques en que se organiza: Bloque 1. Comprensión de textos orais . Bloque 2. Producción de textos orais. Bloque 3. Comprensión de textos escritos. Bloque 4. Producción de textos escritos. Son os seguintes: CL (Comprensión lectora), EO (expresión oral e escrita).

Outros como TIC (Tecnoloxías da información e a comunicación) e CA (Comunicación audiovisual) son un medio constante para desenvolver os Bloques mencionados e tamén o Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.

Outros elementos transversais deben ser introducidos na práctica de aula sempre que o tema ou a actividade de aula o permita, polo que a docente de 2ª Lingua estanxeira- Portugués, estará atenta para aproveitar cada unha destas ocasións:

Por exemplo, os elementos transversais PI (Principio de igualdade), PVX (Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade) e PRPC (Prevención e resolución de conflitos), que fan fincapé no trato non discriminatorio, nos valores democráticos , na igualdade entre homes e mulleres, no respecto aos discapacitados ou no fomento de comportamentos contra calquera forma de violencia, terán presenza nos textos seleccionados ou no vocabulario, tendo especial coidado, por exemplo, co vocabulario : a advogada/o advogado, o doutor/ a doutora..., fomentando o espírito crítico do alumnado en referencia ao sexismo na lingua. Por outra parte, as situacións que reproducen a vida real na práctica diaria da aula de lingua, deben ofrecer modelos que se axusten a comportamentos que favorezan a asertividade e o comportamento democrático.

Outros dos elementos a destacar son EE (Espírito emprendedor e iniciativa empresarial) e E (Emprendemento). Ambos os dous están relacionados coa autonomía e a creatividade que debe vincularse ao traballo escolar, propiciando o emprendemento por parte do alumnado.

No caso da nosa materia contamos con material na rede no site: [www.learningportuguese.eu](http://www.learningportuguese.eu) (A Lingua portuguesa e os negocios nos países lusófonos). Este material de EMPORT aproxima a situación relativas ao mundo dos negocios reais, pon o foco nos costumes e a cultura como vía para facilitar a introdución no mundo empresarial da lusofonía. Trátase dun material dinámico, de animación, con audio e imaxes que reproducen situacións do mundo empresarial en todos os países da lusofonía.

Por último o elemento transversal EV(Educación viaria) pode ser introducido no momento en que se trata o tema 2: A cidade, fomentando as prácticas responsables.

## **11. Actividades complementarias e extraescolares**

Este curso contamos con non estar condicionadas pola situación de pandemia na que vivimos nos anteriores anos lectivos. Tentaremos, entón, ir máis alá da aula e da propia docente: visitas, conferencias, encontros... Imos aproveitar todas as oportunidades que nos xurdan.

- Proxección de filmes de animación, curtametraxes, documentarios.
- Lectura pública no día do libro.
- Conmemoracións do 25 de Abril, Día da Liberdade e 5 de Maio, día internacional da Língua portuguesa.
- Posíbel intercambio con algún centro de ensino secundario portugués, biblioteca pública ou centro cultural, ou instituto galego de ensino do portugués 2ª lingua estranxeira.
- Posíbel asistencia á algunha representación teatral ou evento nalgún dos concellos portugueses minhotos estremeiros coa Galiza.

## **12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de melloras, tamén da práctica docente**

Os criterios utilizados no instituto para avaliar a programación son os seguintes:

1. Adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
2. A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a busca de solucións. As ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
3. O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75 % procederase do mesmo xeito que no apartado anterior. O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se dá conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os resultados desta avaliación será obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

## **13. Publicidade ao alumnado e responsables legais**

Como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA), a programación do

Departamento de Lingua galega e Literatura está na secretaría do centro a disposición do alumnado e das persoas ás que lles corresponda a súa tutoría legal, e ademais será publicada na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>.

De por parte, o profesorado realizará unha na aula unha presentación da materia cos aspectos máis salientables da programación (contidos, instrumentos de avaliación, sistemas de cualificación...), que ademais quedará dispoñible en cada unha das aulas.